

**DÍA INTERNACIONAL
DOS ARCHIVOS
9 de xuño de 2017**

VISITAS GUIADAS

- Horario: día 8 de xuño (10:00-11:00 y 16:00-17:00) y día 9 de xuño (10:00-11:00).
- Duración da visita: 60 minutos aprox.
- Grupos de ata 20 persoas (máximo).
- Imprescindible realizar reserva previa (inclusive no mesmo día da visita ata media hora antes).
- Información e reservas:
 - Teléfono: 981 57 56 09 (Lunes-Viernes 09:00-13:30; Lunes-Miércoles 16:30-19:00)
 - E-mail: archivo@catedraldesantiago.es

**ARCHIVO DA CATEDRAL DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Memoria
del Mundo

PROGRAMA DE ACTIVIDADES



Cabildo de la Catedral de Santiago de Compostela

© Cabido Catedral
de Santiago de Compostela

O 9 de xuño de 1948 tiña lugar a creación do Consello Internacional de Arquivos; nese día, e conmemorando tal data, celébrase anualmente o **Día Internacional dos Arquivos**. No Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago, coma noutras institucións, vemos este momento como una oportunidade para estar máis preto da sociedade, para que nos coñezan e coñezan o noso traballo. Así, o Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago de Compostela e o seu Arquivo Catedralicio organizan diversas actividades para promover o valor do Arquivo e dos arquivos en xeral ao servizo da investigación, da cultura, da memoria e da transparencia.

Coma outros anos imos facer unha:

➤ **Xornadas de Portas Abertas** para que calquera cidadán poida acceder e coñecer directamente os espazos, funcionamento e fondos do Arquivo Catedralicio mediante a organización de visitas guiadas e gratuítas, ao tempo que se manterán

os servizos habituais do centro, incluído o de consulta en sala. Dado que este ano o Día Internacional dos Arquivos coincide en sábado, fora do noso horario habitual de apertura, realizaranse visitas o día anterior, venres día 8, e, de xeito excepcional, o mesmo sábado día 9. Estas visitas constarán de:

- Un percorrido explicativo polas estanzas do Arquivo e Biblioteca, que permitirá acceder, non só á área pública (única parcela habitualmente accesible para os usuarios), senón tamén ás salas de catalogación (onde poderán considerar in situ o traballo dos técnicos de arquivo) e aos depósitos bibliográficos e arxivísticos (onde se custodia o valioso acervo documental da Catedral), incluíndo a Sala Capitular e a Biblioteca Antiga.

- A exposición dalgunhas das pezas orixinais máis representativas, coma o Códice Calixtino (un dos máis valiosos de Galicia e da Igrexa de España, obxecto clave no estudo do

culto ao Apóstolo e do Camiño de Santiago, polo que recentemente foi galardonado o noso arquivo co diploma que o acredita como **Memoria do Mundo da UNESCO**), o Tombo A (cartulario dos séculos XII-XIII, que copia os documentos máis antigos da Igrexa compostelá ilustrados cos retratos dos reis de Asturias, Galicia, León e Castela) ou o Breviario de Miranda (breviario compostelán do século XV, xoia da miniatura galega baixomedieval).

- Ao final da visita os visitantes recibirán un agasallo de recordo.

O Arquivo da Catedral ofrece ordinariamente ao público este tipo de visitas guiadas en dúas modalidades de pagamento:

- visita especial: dirixida a todos os cidadáns, é a que se ofrecerá gratuitamente con motivo do Día Internacional dos Arquivos.
- visitas de servizo educativo: dirixida a grupos de escolares, universitarios, investigadores ou axentes culturais.

Para unha información completa poden consultar a nosa páxina web: <http://www.catedraldesantiago.es/es/archivo-biblioteca>.